

POLÍTICA DO SISTEMA DE XESTIÓN INTEGRADO

HESTIA ALLIANCE é un grupo de xestión líder en asistencia sociosanitaria, en saúde mental e na atención residencial asistida que declara o seu compromiso de desenvolver, manter e mellorar continuamente o seu sistema de xestión integrado, co fin de cumprir:

- cos requisitos das normas ISO 9001, ISO 14001, ISO 45001, en materia de calidade, xestión medioambiental, seguridade e saúde laboral
- coa lexislación vixente
- con todos aqueles requisitos e necesidades dos nosos principais grupos de interese
- cos requisitos e guías que establezan as administracións das distintas comunidades autónomas onde teñamos presenza

O sistema de xestión seguirá as directrices do Modelo EFQM co fin de orientar as nosas actuacións cara á excelencia.

A nosa estratexia baséase en prestar servizos de atención personalizada, seguindo un modelo de xestión común, que garante un servizo de alta calidade en todos os ámbitos da asistencia.

Para levar a cabo esta estratexia, establecemos os seguintes principios, que se desenvolven en políticas, plans, obxectivos e programas de mellora e revisión continua:

- Enfoque claro para conseguir superar as expectativas dos nosos usuarios e entidades coas que colaboramos.
- Implantación de prácticas seguras e minimización do risco asistencial.
- Protección do medio ambiente e prevención, control e minimización do impacto ambiental.
- Protección da saúde e integridade das nosas persoas, previndo riscos laborais, que permitan o seu desenvolvemento profesional.
- Innovación e mellora continua dos nosos procesos e dos nosos servizos.
- Medición, seguimento e monitorización de indicadores clave para asegurar que o sistema se mantén e mellora de forma continuada.
- Fomento da cultura de seguridade e xestión de riscos, tanto asistenciais coma non asistenciais, adoptando procesos e criterios para a súa identificación, análise, tratamento e avaliación.
- Compromiso para a consulta e participación dos traballadores e dos seus representantes.
- Promover a notificación de incidentes e suxestións de mellora.

- Compromiso de mellora continua do sistema.

Por todo isto, a Dirección da Empresa establece os seguintes compromisos:

- Cumprir cos requisitos legais e con outros de carácter voluntario relacionados coa seguridade e a saúde no traballo, a calidade e o medio ambiente.
- Buscar a excelencia na atención e servizo ao paciente.
- Contribuír ao desenvolvemento sostible e á prevención da contaminación mediante políticas ambientais limpas.
- Avaliar, mitigar e eliminar os posibles riscos derivados de análises periódicas para manter un lugar de traballo seguro.
- Promover a formación dos traballadores para favorecer o correcto desempeño das súas funcións.
- Fomentar a participación dos traballadores e dos seus representantes nos elementos do sistema integrado de xestión.
- Facer da mellora continua unha ferramenta fundamental na organización para a mellora de procesos e procedementos.
- Promover a actuación preventiva e de promoción da saúde como consecuencia da situación producida pola pandemia da COVID-19.

Esta Política de Xestión será revisada de maneira anual pola Dirección para asegurar que o seu contido é plenamente vixente, está en consonancia coa misión, a visión e os valores da organización e é coherente coa estratexia empresarial de **HESTIA ALLIANCE** e coas expectativas depositadas polos nosos clientes.

Dirección
David Macià
Director Executiu



2 de febreiro de 2021